

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E OITO DE ABRIL DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO.****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e oito de abril de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.**

Dáse conta das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas os días once e quince de abril respectivamente, que se aproban por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201600000000305 de don Carlos Varela Pérez. (Expediente núm.: 2016/U022/000008)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para obras de construcción de vivenda unifamiliar en Trasariz de Abaixo –Vedra (Expediente núm.: 2016/U022/000008), en solo cualificado como “Solo de expansión de núcleo rural (N2)”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Miguel Fernández Catá, en calidade de arquitecto, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas B. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m, un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta e un orzamento de 88111,88 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090D50200096.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións:



- Construirase de acordo co proxecto presentado.
 - En cumprimento do artigo 24 da Lei 9/2002 deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.
 - Deberase proceder ao tratamento da zona de cesión de viais con axardinado do mesmo, debendo quedar o terreo enrasado co vial.
 - Deberá presentar compromiso de conexións a servizos, documento de cesión e oficio de dirección de execución material de Arquitecto Técnico.
- 3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número M01, de 45,15 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil setecentos sesenta e dous euros con vinte e catro céntimos (#1762,24#)

2.2.- Instancia núm. 201500000001536 de don José Midón Souto. (Expediente núm. 2015/U023/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza de demolición parcial de edificación auxiliar, en Paradela – San Xián de Sales (Expediente núm.: 2015/U023/000001), en solo cualificado como “Solo de expansión dos núcleos rurais (N2)”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don José Ramón Villaverde Martínez , en calidade de arquitecto.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001503000NH34B.

Dáse conta do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais no que se sinala: “Que a edificación que se pretende demoler atópase situada no lugar de Paradela en solo de expansión de núcleo rural (N-2) e ocupando parcialmente unha parcela colindante e que é de titularidade diferente. Que por unha sentenza xudicial teñen obriga de tirar a parte da construcción que non está na súa parcela. Que achega proxecto de demolición e que a edificación obxecto de demolición atópase entre os supostos recollidos polo artigo 26 g) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de posibles demolicións no núcleo rural por tratarse dun alpendre sen ningún valor arquitectónico polo que sería posible a súa demolición conforme a esta lei. Que segundo o plan xeral de ordenación municipal o alpendre está situado en Solo de Expansión de Núcleo Rural (N-2) e sobre un vial delimitado polo PXOM, polo que a edificación se atopa na situación de fóra de ordenación recollida nos artigos 46, 47 e 48 do plan xeral de ordenación municipal e regulado polo artigo 90 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Esta situación, de fóra de ordenación, implica que só serían posibles obras de conservación e necesarias para o mantemento do uso preexistente. Que a obra pretendida implica a consolidación da edificación restante que se mantén, por ser necesaria a construcción dun novo cerramento e unha nova estrutura, polo que sobrepasaría o que se pode entender por obras de mera conservación. Que a edificación final quedaría situada sobre o vial e sen cumplir o retranqueo da parcela colindante. Por todo o exposto anteriormente enténdese que a licenza solicitada non sería posible dende o punto de vista técnico”.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda denegar a licenza solicitada.

2.3.- Instancia núm. 201600000000137 de dona M^a Carmen Fernández Castro. (Expediente núm.: 2016/U022/000003)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Hospitalet de Llobregat (Barcelona), solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, consistente en cambiar fiestras e porta, situada en Viñogrande, nº 7 –San Andrés de Illobre (Expediente núm.: 2016/U022/000003), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. N-1”, segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002100900NH43G.

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 31 de marzo de 2016 (expte.: 247/16) , para as obras solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio catalogado polo vixente PXOM coa referencia B-02, coas seguintes condicións:

- Preferentemente será de madeira, se ben sería admisible a carpintería de aluminio lacada nunha cor das tradicionais da zona. En ningún caso a carpintería de aluminio terá un acabado que imite a madeira.

- Manterase a posición actual da carpintería no cerramento, é dicir: situada a rentes da cara exterior da fachada.

- Reproducirse o deseño da carpintería orixinal da vivenda, incluídas as dimensións e espesores das pezas.

- As partícions de vidro deberanse acusar ao exterior da carpintería, non admitíndose falsas fragmentacións dispostas na cámara de aire ou sobre superficies de cristal (sen dividir).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe de patrimonio e do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións sinaladas polo Servizo de Patrimonio Cultura.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e dun ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e tres euros con noventa e catro céntimos (#63,94#)

2.4.- Instancia núm. 201600000000208 de don José Rodríguez García. (Expediente núm.: 2016/U022/000004)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para obras de rehabilitación de edificación auxilia, de aproximadamente 36 m², consistente en repoñer a uralita e colocar tella, situada en A Ferreira nº 5 (Expediente núm.: 2016/U022/000004), en solo cualificado como “dos núcleos rurais. N-1”, segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000701200NH43G.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 19 de abril de 2016 (expte.: 504/16), para as obras solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio catalogado polo vixente PXOM coa referencia A-25. A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o remate das obras será dun ano, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación, nin as obras afectarán á estrutura da mesma. A tella a utilizar será do pais.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Instancia núm. 20160000000266 de don Tirso Laya Sinde. (Expediente 2015/U022/000007)

Dáse conta da citada instancia presentada polo interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, na que solicita se deixe sen efecto o expediente 2013/U009/000020 e se tramite un novo expediente para as mesmas obras de rehabilitación de vivenda consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella nunha superficie aproximada de 200 m², en Ribeira – San Pedro de Sarandón (Expediente núm.: 2016/U022/000007), en solo cualificado como “solo de núcleo rural (N-1)”, segundo o vixente PXOM, e nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José Manuel Pena Alonso.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001300900NH43C.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural para os efectos ao estar a zona incorporada ao Catálogo Municipal de Bens coa numeración A-35 no vixente PXOM, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción; deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

3º.- Compensar a contía do imposto a aboar no expediente 2016/U022/000007 coa aboada no expediente 2013/U009/000020 ao tratarse das mesmas obras e con igual presupuesto.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2.6.- Instancia núm. 201600000000194 de dona Ana María Mera Río. (Expediente núm. 2016/U022/000005)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, consistentes en varias obras interiores, situada en San Mamede nº 9 (Expediente núm.: 2016/U022/000005), en solo cualificado como “Solo de Núcleo Rural. N-1”, segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001601400NH43F.

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 19 de abril de 2016 (Expte.: 418/16), para as obras solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio catalogado polo vixente PXOM coa referencia B-21.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e dun ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ao solicitado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento dez euros con corenta céntimos (#110,40#).

2.7.- Comunicación previa de obra de dona Emérita Fernández Villaverde. (Expediente 2016/U026/000014)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000014 de comunicación previa de obra presentada por dona Emérita Fernández Villaverde para rehabilitar cerre chapeando as bases de aproximadamente 23 metros de lonxitude, entubar gábea (colocando algúun rexistro) en aproximadamente 17 metros, continuando a existente. As actuacións comunicadas levaranxe a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000201200NH43G, emprazada en Cornado, 8 – San Fins de Sales, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes.

Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.8.- Comunicación previa de obra de don José Manuel de la Fuente Sánchez. (Expediente 2016/ U026/000017)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta do expediente número 2016/U026/000017 de comunicación previa de obra promovido por don José Manuel de la Fuente Sánchez para rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 140 m² en planta, consistentes en cambiar a tella e colocar balaustradas. As actuacións comunicadas levaranxe a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000201200NH43G, emprazada en Cornado, 8 - San Fins de Sales, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos corenta e oito euros con corenta e nove céntimos (#248,49#).

2.9.- Comunicación previa de obra de don Manuel Lobato Pereira. (Expediente número 2016/U026/000018)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000018 de comunicación previa de obra promovido por don Manuel Lobato Pereira para rehabilitación de alboio, de aproximadamente 50 m² en planta, consistente en cambiar a uralita e tella. As actuacións comunicadas levaranxe a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001901000NH43C, emprazada en Cubelas nº 2 –San Pedro de Sarandón, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e tres euros con corenta e tres céntimos (#53,43#).

2.10.- Comunicación previa de obra de dona María Cruz Vilas Giadanés. (Expediente núm. 2016/U026/000019)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000019 de comunicación previa de obra promovido por dona María Cruz Vilas Giadanés para colocación de tubos pola gábea, en aproximadamente 8 metros de lonxitude.

As actuacións comunicadas levaranxe a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000804700NH43E, emprazada en Pousada de Abaixo -Vedra, cun prazo de execución de tres meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes. Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



loais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.11.- Comunicación previa de obra de don José Manuel Costa Regueira. (Expediente 2016/U026/000021)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000021 de comunicación previa de obra promovido por don José Manuel Costa Regueira para a construcción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 30 metros de lonxitude no fronte da parcela, con base de formigón, postes de pedra e arame e 150 metros polo linde, con base de bloques, postes e arame, cunha altura total que non superará os 1,80 m, e recuández 6 metros do eixe do vial. As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B50200639, emprazada en Nande, 68 – San Fins de Sales, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumplir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 6 metros do eixo do vial, así coma as alturas declaradas na comunicación previa.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento sesenta e un euros con setenta e oito céntimos (#161,78#).

2.12.- Comunicación previa de Comercial Agrícola Ames, S.L

Dáse conta da comunicación previa de inicio de actividade presentada por Comercial Agrícola Ames, S.L de *comercio de venda polo miúdo de pensos, produtos de xardinería e fitosanitarios*, emprazado en Rúa Alcalde Francisco Carrillo, 2 – Santa Cruz de Ribadulla, neste termo municipal.

Dáse conta tamén da comunicación previa de obra para actividade, expediente 2016/U027/000001, do que se tomou coñecemento pola Xunta de Goberno en sesión de data 29 de febreiro de 2016.

VISTO o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986; e na Lei 9/2013, do 19 de decembro,

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do inicio de actividade de *venda polo miúdo de pensos, produtos de xardinería e fitosanitarios*, emprazado en Rúa Alcalde Francisco Carrillo , 2 –Santa Cruz de Ribadulla, neste termo municipal, comunicada por Comercial Agrícola Ames, S.L representada por don Luís Nieto Rico. Todo iso sen prexuízo das autorizacións que, de ser o caso, correspondan a outras administracións públicas.

**3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza para ampliación de cemiterio en Santa Cruz de Ribadulla.**

Instancia núm. 201400000001633 da AA.VV. DE STA CRUZ DE RIVADULLA.
(Expediente núm. 2015/U022/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a Asociación de Veciños de Santa Cruz de Ribadulla, representada por don Severo Barros Lema, solicita licenza para obras de Ampliación do cemiterio en Agrelo –Santa Cruz de Ribadulla (expediente núm.: 2015/U022/000001), en solo cualificado como “Solo Urbanizable non delimitado. SUND-9”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Fermín González Blanco, en calidade de arquitecto, coas seguintes características: Superficie ocupada: 2294,20 m²; superficie construída: 470 m².

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A50701017.

Dáse conta tamén da Resolución, de data 7 de setembro de 2015, da solicitude de autorización autonómica en solo rústico, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (expte.: AASR 014/2015); da resolución, do 17 de marzo de 2016, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza a obra pretendida (expte.: 2016/041); e do informe favorable, de data 12 de abril de 2016, da Xefatura Territorial de Sanidade (expte.: SA436A 2015/14-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, de data 27 de abril de 2016, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ao proxecto presentado e aos condicionantes dos informes e autorizacións sectoriais emitidos polo Servizo de Urbanismo, Servizo de Patrimonio Cultural e Xefatura Territorial de Sanidade.

3º.- Rematadas as obras e antes da posta en funcionamento, deberá comunicarse ao concello, xuntando a documentación técnica precisa, para comunicalo á Xefatura Territorial de Sanidade co gallo de que esta realice a preceptiva visita de inspección e autorice a súa apertura e funcionamento.

4º.- Por tratarse dunha actuación de interese público a tramitación queda exenta de taxas e impostos municipais.

4º.- Acordo, se procede, sobre solicitud de participación no Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial, mediante execución de obras e servizos mínimos aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2016 (BOP núm. 76/16, do 21 de abril)

Dáse conta das bases do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes , anualidade 2016 (BOP núm. 75/16, do 21 de abril).

A Xunta de Goberno acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Primeiro.- Solicitar a adhesión ao citado programa, e solicitar subvención para a contratación do seguinte persoal:

- 2 Oficiais de segunda albaneis, durante cinco meses , a xornada parcial (5 horas/día).
2 peóns especialistas de albaneis , durante cinco meses, a xornada parcial (5 horas/día).
2 oficiais de segunda de xardinería, durante seis meses, a xornada parcial (5horas/día).

Segundo.- Asumir as obrigas e compromisos previstos no citado programa.

5º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

| Número Factura | Data Factura | Importe (€) | Nome Proveedor/Acredor | Descripción |
|----------------|---------------------------------|--------------|---|---|
| A00067 | 13/04/2016 | -289,01 | Hierros Diego, S.L. | Materiais subministrados en abril para obras da brigada nas vías públicas e abono total da factura núm. 1585 de data 31/03/2016 |
| 128 FACTURAS | 04-14-16-17-23-29-30-31/03/2016 | 14.923,67 | Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. | Regularización da facturación da iluminación pública do 2S/2015 e subministro dos meses de xaneiro e febreiro de 2016 |
| 10 FACTURAS | 03-04-17-30/03/2016 | 1.177,23 | Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. | Regularización da facturación de locais e instalacións municipais dos meses de outubro a decembro de 2015 e subministro dos meses de xaneiro e febreiro de 2016 |
| 601-KF16-19814 | 01/04/2016 | 137,94 | Orange Espagne, S.A.U. | Cota mensual do servizo de internet + sede asimétrica prestado durante o período 01/03/2016-31/03/2016 |
| G/021 | 16/02/2016 | 1.710,77 | Regueiro Cerviño Gonzalo (Galitiming Sport) | Servizos de xestión e subministro de material para realización das probas deportivas Ruta BTT e Maratón de Montaña 2016 |
| 16/00315 | 31/03/2016 | 368,50 | Sapa-Contenedores y Servicios, SL | Servizo de colectores de residuos selectivos (chatarra, plástico, pneumáticos e escombro) prestado no punto limpo en marzo |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | | |
|---------------------|------------|----------|---|---|
| 729 | 06/04/2016 | 336,00 | Valencia & Malingre, S.L. | Comidas dos participantes na excursión da Terceira Idade ás Termas de Outariz o día 06/04/2016 (pagadas coas achegas) |
| 2016-40 | 06/04/2016 | 112,70 | Ibernisha, S.L. | Circuítos termais dos participantes na excursión da 3ª Idade ás Termas de Outariz o 06/04/2016 (pagados coas achegas) |
| 151216FS0018059 | 12/04/2016 | 58,60 | Supervision y Control, S.A. | Inspección periódica obligatoria do vehículo contra incendios BUL matrícula 1106FZZ realizada o 12/04/2016 |
| 19696 | 07/04/2016 | 247,50 | Procesadora Gallega de Alimentos, S.L. | Servizo de recollida urbana de aceites vexetais usados durante o período do 24/12/2015 ao 24/03/2016 |
| 0166/E16 | 31/03/2016 | 741,99 | Talleres San Fins S.L. | Reparacións e ITV do remolque E6787BBT e reparacións da rozadora avanzada realizadas en marzo |
| 0165/E16 | 31/03/2016 | 40,84 | Talleres San Fins S.L. | Reparación de máquina da brigada verde realizada en marzo |
| 0164/E16 | 31/03/2016 | 289,11 | Talleres San Fins S.L. | Reparacións e ITV da retroescavadora Fiat matrícula E6073BBD realizadas en marzo |
| 0149/E16 | 31/03/2016 | 446,83 | Talleres San Fins S.L. | Reparacións do tractor J. Deere E7264BFN realizadas o 21/03/2016 |
| A10003048364-0416 | 01/04/2016 | 1.147,07 | Orange Espagne, S.A.U. | Servizos telefónicos prestados no período 01/03/2016-31/03/2016 |
| 201605002-201605049 | 12/04/2016 | 3,80 | Ferreteria Botana - Botana Granja Manuel | Copias de chaves das papeleiras dos espazos públicos feitas para o persoal municipal encargado da limpeza |
| 455 | 28/03/2016 | 201,89 | Iglesias Rodriguez Juan Carlos - Fontaneria | Traballos de fontanería realizados no CEIP e na escola de música de Santa Cruz no mes de marzo |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | | |
|--------------|------------|--------|---------------------------------|--|
| 32 | 31/03/2016 | 293,24 | Manuel Gamallo y Otro S.C | Tubos de pvc subministrados en marzo para obras na vía pública en Lagoa-Santa Cruz |
| FV-15/4 | 31/12/2015 | 420,00 | Garcia Cabal Guadalupe J. | Achega municipal ao curso de manualidades correspondente ao 4T/2015 |
| A/63 | 29/02/2016 | 459,80 | Fromico, S.L. (Manuel Baluja) | Servizo de limpeza da casa consistorial mes febreiro |
| A/99 | 31/03/2016 | 459,80 | Fromico, S.L. (Manuel Baluja) | Servizo de limpeza da casa consistorial mes marzo |
| 042-02-00164 | 31/03/2016 | 302,50 | Radio Popular, SA - Cope | Contrato colaboración para emisión información de todo tipo relativa ao concello de Vedra de feb. a dec. de 2016 (mes marzo) |
| 031//16 | 31/03/2016 | 64,13 | Reparaciones Sindé , S.L. | Reparación do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada o 21/03/2016 |
| FV-16/1 | 31/03/2016 | 300,00 | Garcia Cabal Guadalupe J. | Achega municipal ao curso de manualidades correspondente ao 1T/2016 |
| 16/000047 | 31/03/2016 | 540,57 | M.C. Mapoca, S.L. | Materiais subministrados en marzo para traballos realizados pola brigada nos campos de festa de Merín e de San Miguel |
| 16/000048 | 31/03/2016 | 917,79 | M.C. Mapoca, S.L. | Materiais servidos en marzo para obras da brigada nas vías públicas en Sete e Angustín e na estación do tren en Sta.Cruz |
| 16/000046 | 31/03/2016 | 391,19 | M.C. Mapoca, S.L. | Materiais servidos en marzo para obras da brigada nas vías públicas en Noceda e Fontao |
| 16/000045 | 31/03/2016 | 43,50 | M.C. Mapoca, S.L. | Materiais para o almacén da brigada de obras na nave de Trobe e para o CPI de Vedra subministrados en marzo |
| 150000744 | 31/03/2016 | 294,77 | Drogueria-Ferreteria El Sol, SL | Materiais para cursos de cociña e elaboración de xabóns, valado de vía sobre o ferrocarril en Santa |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | | |
|---------------|------------|--------|--|---|
| | | | | Cruz, limpeza do CEIP e outros subministrados en marzo |
| A15/687 | 13/04/2016 | 502,15 | Artes Graficas Alonso, S.L. | Traballos de realizados para Feiravera 2016 |
| I16 000234 | 31/03/2016 | 121,00 | La Voz de Galicia, S.A. | Concerto de publicidade do concello de Vedra na Voz de Galicia dixital (lavozdegalicia.es) mes marzo |
| c5-16 | 31/03/2016 | 607,08 | Fundacion Refuxio de Animais | Cota fixa correspondente ao mes de marzo/2016 (sen accollemento de animais no período) |
| 04/16 | 15/01/2016 | 81,52 | Nodar Carbia Sergio (Talleres Mosteiro - Reparación del Automovil) | Revisión e ITV do vehículo municipal Nissan Vanette C4162BS realizadas en xaneiro |
| 06/16 | 15/01/2016 | 122,10 | Nodar Carbia Sergio (Talleres Mosteiro - Reparación del Automovil) | Subministro e instalación de nova batería no vehículo Nissan Patrol 2445BLH de Protección Civil en xaneiro |
| 07/16 | 15/01/2016 | 80,43 | Nodar Carbia Sergio (Talleres Mosteiro - Reparación del Automovil) | ITV do vehículo furgoneta C15 realizada en xaneiro/2016 |
| 160000168 | 30/03/2015 | 177,87 | Andavira Editora, S.L. | Deseño, impresión e montaxe de plotter para o Seminario Internacional de Avaliación de Materiais Didácticos (19-20/02/2016) |
| 61 | 13/03/2016 | 550,55 | 4BajoCero, S.C. | Deseño e fotografía para os paneis de Feiravedra 2016 |
| 1150510252347 | 08/05/2015 | 65,01 | Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. | Subministro ao antigo centro saúde Santa Cruz período 26-02-2015 / 04-05-2015-cups 7723119HM1P (non recibida en 2015) |
| 172 | 07/04/2016 | 17,02 | Maderas C. Lata S.L. | Materiais subministrados o 6 de abril para a montaxe de Feiravedra 2016 |
| 184 | 12/04/2016 | 13,41 | Maderas C. Lata S.L. | Materiais subministrados o 8 de abril para a montaxe de Feiravedra 2016 |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



| | | | | |
|--------------|------------|----------|---|--|
| | | | | |
| 2016//10.796 | 15/04/2016 | 1.270,06 | Barreras de Seguridad, SL | Sinal de vía férrea para Gundían e espellos, postes e outras sinais para as vías públicas subministrados en abril |
| 20 | 14/04/2016 | 3.509,00 | Construcciones Luis&Alfonso, S.C. | Reforma e mellora da pista polideportiva municipal de O Coto situada en Tomonde-Santa Cruz (R.A.96/2016, de 29 de marzo) |
| 2016/049 | 18/04/2016 | 580,32 | Xestedec Comunicación | Impresión do boletín informativo municipal do mes de abril (núm. 199) |
| 2016/050 | 18/04/2016 | 278,30 | Xestedec Comunicación | Servizos de pantalla de retroproxección e moqueta prestados para realización da mostra Feiravedra 2016 |
| FA160002136 | 15/04/2016 | 43,00 | Colegio oficial de aparejadores, arquitectos técnicos e ingenieros de edificación de A Coruña | Matrícula da aparelladora municipal en xornada en Santiago o 22/04/2016 sobre obtención de datos técnicos de parcelas |
| B/1295151 | 14/04/2016 | 16,94 | Dinahosting, S.L. | Renovación do dominio concellodevedra.com por un ano (26/04/2016-26/04/2017) |
| TA56B0006860 | 19/04/2016 | 26,86 | Telefónica de España, SAU-Movistar | Servizo de fax no departamento de servizos sociais municipais (cotas de abril/2016 e tráfico de marzo/2016) |
| 16E 000025 | 18/04/2016 | 154,88 | Toldos Gómez, S.L. (Pancarta) | Dúas bandeiras de Europa para interiores subministradas en abril |
| 130/16 | 11/04/2016 | 4.356,21 | Espina Obras Hidraulicas, S.A. | Realización da obra Ampliación de vial en Neira de Abaixo (adxudicada por R.A. núm. 111/2016, de 6 de abril) |
| 604/7 | 13/04/2016 | 1.125,30 | Alquimao S.L. | Servizo de valos amarelos de sinalización e de sanitarios químicos prestados na Festa do Viño 2016 |
| 21 | 31/03/2016 | 95,70 | Panaderia Raviña-Susana Raviña Carbia | Pinchos servidos con motivo da realización da proba deportiva Ruta BTT |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | | |
|------------------|------------|--------|---|---|
| | | | | da Camelia 2016 |
| 36 2923 | 08/04/2016 | 805,68 | Ulla-Oil S. L. | Gasóleo B para os tractores municipais servido na nave de Trobe o 08/04/2016 |
| 1 201600011 | 11/04/2016 | 242,00 | Silva Suarez Samuel - Graficas de Vedra | Sobres 120x176 co membrete oficial subministrados en abril |
| 03/16 | 07/04/2016 | 88,00 | Corral Vazquez Mª Cristina | Produtos servidos no CPI de Vedra para atencións protocolarias da actividade medioambiental Luvas Verdes 2016 |
| CI0830307152 | 15/04/2016 | 84,01 | Vodafone España, S.A.U. | Servizos telefónicos prestados no período do 15/03/2016 ao 14/04/2016 |
| 1 0000086 | 04/04/2016 | 121,00 | Conde Miranda Ana (Teovivo) | Publicación de anuncio sobre a Festa do Viño 2016 no periódico Teovivo |
| 840845780 | 08/04/2016 | 355,22 | Ricoh España, SLU | Cargo mínimo por copias nas máquinas de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais correspondente ao mes de abril |
| A59876 | 22/04/2016 | 363,00 | Eme Inversia 72, S.L. | Subministro de mochilas para Vedra en Ciencia 2016. |
| FP11604757 | 15/04/2016 | 519,09 | Paz Dismac, S.L. | Papel para as impresoras-fotocopiadoras din A-3 e A-4 subministrado o 15/04/2016 |
| 1603875 | 21/04/2016 | 108,90 | Proel Ascensores, S.L. | Substitución da alarma de emergencia do elevador do CPI de Vedra realizada o 15/03/2016 |
| RECC/16-00188 | 18/04/2016 | 150,00 | Femp | Cota do concello de Vedra de socio da Rede Española de Cidades polo Clima correspondente ao ano 2016 |
| SV00201150000909 | 12/03/2015 | 288,00 | Galizoro, S.L. | Subministro dunha placa de prata para atención protocolaria da Gala do Deporte 2015 (factura non recibida no seu día) |
| 2683 | 14/04/2016 | 132,28 | Restaurante Villa Verde | Comida con poñentes da charla educativa na Semana da Ciencia 2016 |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



| | | | | |
|-------------|------------|----------|-----------------------------------|---|
| 1396076 | 21/04/2016 | 1,70 | El Corte Inglés, S.A. (ECI) | Materiais adquiridos para a realización da Semana da Ciencia 2016 |
| 88547 | 21/04/2016 | 4,03 | Hipercor S.A. | Materiais adquiridos para a realización da Semana da Ciencia 2016 |
| 5000422940 | 21/04/2016 | 5,70 | Plasticos Santi, S.L. | Papel de regalo mercado para preparar os premios da Semana da Ciencia 2016 |
| F 6.697 | 21/04/2016 | 290,27 | Plasticos Santi, S.L. | Materiais adquiridos para entregar como premios no concurso da Semana da Ciencia 2016 |
| F 6.700 | 22/04/2016 | 113,70 | Plasticos Santi, S.L. | Materiais adquiridos para entregar como premios no concurso da Semana da Ciencia 2016 |
| 19 | 13/04/2016 | 6.292,00 | Construcciones Luis&Alfonso, S.C. | Enreixado da pista polideportiva municipal de O Coto situada en Tomonde-Santa Cruz (R.A.92/2016, de data 29 de marzo) |
| Liquidación | 25/04/2016 | 51,30 | Manuel Costa Carneiro | Desprazamentos ao Pazo de Mariñán á reunión convocada pola Deputación Provincial para dinamización sectorial de turismo |
| Liquidación | | 456,25 | Silvia Couto Rendo | Quilometraxe de outubro/2015 a abril de 2016 |
| Liquidación | | 240,41 | Carlos Martínez Carrillo | Quilometraxe do 29 de marzo ao 27 de abril |

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas, coa abstención da Presidencia na factura de Droguería –Ferretería El Sol, S.L.

6º.- Outros asuntos.

6.1.- Prórroga convenio de colaboración co Concello de Boqueixón para a promoción de actividades de xuventude e voluntariado.

Con data 27 de marzo de 2014 a Xunta de Goberno acordou aprobar o convenio de colaboración co Concello de Boqueixón para o desenvolvemento de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de voluntariado, cuxa vixencia do mesmo rematou o 14 de abril, prorrogable por acordo expreso do órgano competente.

A Xunta de Goberno, á vista do interese por continuar co desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Primeiro.- Prorrogar o citado convenio durante dous anos (14/04/2018).
Segundo.- Comunicar este acordo ao Concello de Boqueixón.

6.2.- Aprobación padróns fiscais taxas.

6.2.1.- Taxa por abastecemento de auga.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 1º trimestre de 2016, remitido pola empresa concesionaria do servizo, Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U, cuxo resumo é o seguinte:

Contribuíntes: 128

M³ facturados: 2.679 m³.

Importe total: 3.490,84 euros.

Canon da auga: 874,38 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

6.2.2.- Taxa do SAF 1º trimestre do 2016.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao 1º trimestre de 2016, cuxo resumo é o seguinte

| | Nº usuarios | Importe |
|----------------------|-------------|----------|
| Usuarios Dependentes | 28 | 7.360,43 |
| Libre concorrenza | 19 | 3.993,83 |

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón fiscal.

6.3.- Solicitud de subvención para a promoción da lingua galega.

Dáse conta da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 31 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria (ED115A) (DOG núm. 74/16, do 19 de abril).

A obeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda :

Primeiro.- Solicitar unha subvención para a dinamización lingüística, segundo memoria redactada ao efecto.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada convocatoria.

6.4.- Solicitud de axuda no fogar.

Dáse conta da solicitude de axuda no fogar presentada por don A. A. P. R. de Ponte Ulla, polo sistema de libre concorrenza en tanto non poida acceder ao servizo a través do sistema de atención á dependencia.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Primeiro.- Concederlle o servizo solicitado, cunha intensidade de 22 horas mensuais que se prestarán de luns a venres, agás festivos.

Segundo.- Aprobar a achega do usuario, segundo a ordenanza reguladora do citado servizo, é dicir unha achega do usuario de 4,28 euros/hora (30% do custo do servizo).

6.5.- Escrito núm. 426/16 da *Asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela*.

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela, no que expón e solicitan o apoio económico do concello para liquidar a situación de inestabilidade no servizo para que as persoas xordas, xordocegas e oíntes veciñas dos diferentes concellos da comarca e concellos limítrofes non continúen nunha situación de falta de accesibilidade, e deste xeito, entre todas as entidades, se poida conseguir manter un servizo de interpretación en lingua de signos público en condicións estables e de calidade para cando o precisen, existindo en Vedra 38 persoas que puidesen recibir o servizo.

A Xunta de Goberno, á vista do interese social, acorda concederlle unha axuda de oitocentos (#800,00# euros.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta minutos.